



RESOLUCIÓN DO 10 DE XULLO DE 2018, DA DIRECCIÓN XERAL DE PESCA, ACUICULTURA E INNOVACIÓN TECNOLÓXICA, POLA QUE SE ESTABLECE UN PERÍODO DE VEDA NA RÍA DE VIGO PARA A CAPTURA DO CHOCO.

### **Feitos.**

A Federación Provincial de Confrarías de Pescadores de Pontevedra achega, en documento con rexistro de saída nº 118 do 28 de xuño de 2018, solicitude de establecemento dunha veda para a pesca do choco por dentro das liñas de referencia do anexo III na ría de Vigo. Dita solicitude está referendada polas peticións formuladas polas confrarías de pescadores da ría de Vigo.

### **Fundamentos técnicos e xurídicos.**

A Lei 11/2008, do 3 de decembro, modificada pola Lei 6/2009, do 11 de decembro, de pesca de Galicia nos indica, no artigo 6.1, que a política da Administración da Comunidade Autónoma de Galicia, en relación coa conservación e xestión dos recursos pesqueiros e marisqueiros, terá como obxectivo «o establecemento e a regulación de medidas dirixidas á conservación e a explotación responsable, racional e sustentable dos recursos mariños vivos».

Ademais, co fin de asegurar os obxectivos recollidos na lei, establece que lle corresponde á consellería competente en materia de pesca, logo de audiencia do sector afectado, o «establecemento de vedas temporais ou zonas para determinadas especies así como dos fondos autorizados» artigo 7.2.h).

O Decreto 15/2011, do 28 de xaneiro, polo que se regulan as artes, aparellos, útiles, equipamentos e técnicas permitidos para a extracción profesional dos recursos mariños vivos en augas de competencia da Comunidade Autónoma de Galicia, establece no seu artigo 50.3 que «as embarcacións menores de 2,5 TRB ou 1,75 GT poderán utilizar trasmallos por dentro do anexo III a unha distancia mínima de 100 metros da costa ou a unha profundidade mínima de 5 metros, no período comprendido entre o 1 de decembro e o 30 de abril, salvo o período en que se decrete a veda temporal dalgunha especie ou zona».

Examinados os informes técnicos correspondentes, onde se constata que a partires do mes de agosto case que a totalidade da captura de choco realizada por dentro das liñas de referencia do anexo III é xuvenil (<13 cm), e consultado o sector na zona, esta dirección xeral





*RESOLVE:*

Establecer unha **veda** para a pesca do **choco** na **ría de Vigo**, por dentro das liñas de referencia do anexo III que aparecen reflectidas no citado Decreto 15/2011, desde o 16 de xullo de 2018 ata o 31 de outubro de 2018, inclusive.

Así mesmo, queda prohibida a captura, tenencia a bordo, transbordo, comercialización ou venda desta especie con calquera das artes incluídas no devandito Decreto 15/2011. As capturas accidentais deberán ser devoltas ao mar.

Do mesmo xeito, esta veda inclúe tamén á pesca marítima de recreo segundo a Lei 11/2008, do 3 de decembro, modificada pola Lei 6/2009, do 11 de decembro, de pesca de Galicia que, establece no seu artigo 26-1 «Seranlle aplicables á pesca marítima de recreo as medidas de protección e conservación dos recursos pesqueiros establecidas para a pesca marítima profesional».

Contra esta resolución, que non esgota a vía administrativa, poderá interpoñerse recurso de alzada no prazo dun mes, contado dende o día seguinte ao da súa notificación, ante a conselleira do Mar, de conformidade co disposto nos artigos 121 e 122 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

A directora xeral de Pesca, Acuicultura e Innovación Tecnolóxica

Mercedes Rodríguez Moreda

